

Áreas de Cultura, Ensino e Deportes

Martes 28 de febreiro: Festa do Entroido



Entramos no tempo do entroido, as datas con máis humor e máis irreverentes do calendario. O día grande, o martes de entroido, é festivo local e vivírase en Moeche cunha grande festa na que haberá xogos tradicionais, música e un desfile con premios para os mellores disfraces. Atende:

Premios individuais	Premio colectivo
Os 3 mellores disfraces infantís -menores de 12 anos- recibirán 3 libros e tres clases de hípica impartidas pola Asociación Ecuestre 23 de abril.	A comparsa máis orixinal levará un vale de 60€ para gastar nalgún establecemento hostaleiro do concello.
O mellor disfraz adulto -maiores de 12 anos- recibirá un vale de 30€ para gastar nun supermercado do concello.	
O desfile valorarao un xurado e a súa decisión será inapelable	

O evento celebrarase na nave dos tecidos da feira a partir das 17.00h. E que ninguén se preocupe do frío, xa que haberá instalado un canón de aire quente. Ademais, para rematar, todas e todos estades convidados a un chocolate con churros.

Lugar: recinto da Feira, nave dos tecidos _ **Data:** martes 28 de febreiro _ **Hora:** 17.00h.



Homenaxe a Agustín Fernández Paz:

“O RASTRO QUE DEIXAMOS”



Agustín Fernández Paz (1947-2016) foi un dos escritores máis prolíficos e premiados da literatura galega contemporánea, pero tamén un mestre comprometido coa cultura e a lingua do país e coa renovación do sistema educativo. O Concello de Moeche súmase á homenaxe que lle renderán os municipios da comarca o venres 17 de febreiro no Auditorio de Ferrol. Un evento con entrada de balde ao que pode asistir calquera persoa retirando os convites tanto no Teatro Jofre como no propio auditorio, situado en Caranza.

O título da homenaxe é “O rastro que deixamos”, o mesmo que unha das súas obras na que repasa a súa biografía e a súa querencia pola escrita. Os actos fixéronse para o venres 17 de febreiro

cunha sesión de mañá para centros de ensino -á que asistirá o alumnado do CEIP San Ramón- e outra de tarde, a partir das 20.30h., na que participarán artistas como María Manuela, Mini e Mero, Xabier Díaz, o dúo Bellón-Maceiras, Miro Casabella ou A Banda da Loba.

Canda a música tamén se proxectarán vídeos e haberá exposicións centradas na figura do mestre e escritor que en 2008 levou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil.

As entradas poden recollerse ata o 17 de febreiro no Teatro Jofre (de 11 a 13.00h. e de 18 a 20.00h.) e no Auditorio de Ferrol -na avenida do Mar, en Caranza- desde as 18.00h. do día da gala, que comezará ás 20.30h.

Lugar: Auditorio de Ferrol (ao pé do cruzamento da rúa Telleiras coa avenida do Mar)

Data: venres 17 de febreiro _ **Hora:** 20.30h.

Curso da Aula TIC: INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET

A Aula TIC ofrecerá durante o mes de marzo un curso de iniciación á informática e á Internet no que aprenderemos, entre outras cousas, como encender o ordenador, como manexar o rato e o teclado e mesmo empezaremos a navegar pola rede.

O curso é gratuito e vai dirixido principalmente a persoas que non teñan ningún coñecemento previo. Para facilitar a asistencia as clases desenvolveranse todos **os xoves** do mes **pola tarde**, entre as 16 e as 19.00h. É dicir, os días 2, 9, 16, 23 e 30 de marzo.

As prazas son limitadas e para inscribirse ou obter máis información hai que chamar ao teléfono 981 404 006. Se xa sabemos, tamén podemos enviar un correo electrónico a correo@moeche.es solicitando que nos apunten e deixando os nosos datos de contacto.



Andaina polas terras de Moeche: Labacengos



Coa proximidade da primavera e a chegada do bo tempo retomamos as andainas veciñais polas parroquias do territorio. A estrea da temporada farémola percorrendo uns 6 quilómetros con saída e chegada no adro da igrexa de Labacengos.

A ruta é de baixa intensidade e nela pode participar calquera persoa, non hai límite de idade. Aconséllase levar calzado cómodo -que non sexa de estrea-, calcetíns de algodón, chaleco reflector e algún líquido. Tampouco está de máis levar un bastón ou un caxato. As inscricións hai que facelas chamando ao 981 404 006 (ext. 3) ou no correo electrónico daniel.feijoo@moeche.es

Lugar: saída do adro da igrexa de Labacengos _ **Data:** sábado 18 de marzo _ **Hora:** 16.30h.

Área de Desenvolvemento local

4 e 5 de marzo: I Concurso de Pincho en Pincho!

En Moeche fachendemos de ter unha chea de bares, tabernas e restaurantes nos que o bo ambiente se acompaña dunha cociña de calidade tanto polo produto como polo mimo que se lle dá. Como maneira de promover a nosa hostalaría organizamos o I Concurso de Pincho en Pincho! que se celebrará os días 4 e 5 de marzo, coincidindo cos últimos compases do entroido.

Na preparación desta ruta gastronómica con premio implicáronse Casa Toñito, a Taberna Irmandiños, o Café Bar Xambas, Bar Ubaldo, Bar A Terraza, Restaurante Delfino, Mesón O Campo, Casa Pena, Casa Marcial e Bar Casablanca. Cada un destes establecementos preparará un aperitivo para tomar coa consumición.

Ao comezo da ruta -que pode facerse ao xeito que se queira- darannos unha tarxeta para irmos puntuando os pinchos e, ao acabar, teremos que elixir o que máis nos gustase. Só serán válidas as tarxetas que teñan o selo ou a sinatura de todos os establecementos participantes.

Os horarios de degustación son os seguintes:

-Sábado 4: de 12 a 14.00h. e de 19 a 21.30h. _ **-Domingo 5:** de 12 a 14.00h.

O Concello de acordou as bases nunha xuntanza á que foron convocados todos os locais do municipio. Nela tamén se acordou darlle cabida no concurso aos dous establecementos de San Sadurniño máis próximos a Moeche. O regulamento do concurso pode consultarse en www.concellodemoeche.com.

Haberá un único premio para o local que preparase o pincho máis votado e entre as persoas que fixesen toda a ruta sortearanse varios lotes de agasallos doados por Lácteos Moeche, polos establecementos participantes e polo Concello de Moeche. Há máis información no **981 404 006**.



Transparencia:

MOECHE CONCELLO

CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE ARQUITECTURA TÉCNICA

Por resolución da alcaldía de 18 de xaneiro aprobouse a relación de aspirantes para formar unha

bolsa de traballo para desempeñar funcións de arquitectura técnica. Esta bolsa activarase se é preciso cubrir baixas laborais, de maternidade, vacacións e permisos da titular da praza. Na resolución tamén se lle dá publicidade á composición do tribunal e á data para a valoración dos méritos. O procedemento está dispoñible en www.concellodemoeche.com


EXPOSICIÓN PÚBLICA DO INVENTARIO MUNICIPAL

A Deputación da Coruña elaborou durante os últimos meses de 2016 un inventario dos bens municipais que recolle, entre outros elementos, os edificios, os terreos, vehículos, dereitos reais, etc., agás os camiños públicos, que serán obxecto dun inventariado posterior.

O documento estará en exposición pública na Casa do Concello durante un mes contado a partir do 14 de febreiro. Poderá consultarse en horario de oficina de luns a venres.

VENDA DE EFECTOS NON UTILIZABLES

En relación co patrimonio municipal tamén se informa de que se sacou a poxa pública un lote composto por chatarra diversa procedente de obras e servizos e unha vella máquina cunetadora declarada como non utilizable. O concurso correspondente publicouse no BOP do 21 de marzo de 2016 e, tras quedar deserto, fíxose unha venda directa solicitándolles ofertas a tres empresas. A de maior contía -1.088,53 euros- presentouna a empresa Macapi Xestión de Residuos, que foi quen levou toda esa ferralla inservible amontoada durante anos nas naves municipais.



COLABORACIÓN CON SAN SADURNIÑO PARA ACONDICIONAR E LIMPAR AS PISTAS MUNICIPAIS

O Concello de Moeche e mailo de San Sadurniño colaboran desde hai varias semanas nun proxecto de mantemento da rede viaria en ambos municipios financiado con cargo ao programa APROL Rural da Xunta de Galicia.

Para este proxecto contratáronse dous operarios durante 6 meses, que se encargarán de limpar cunetas e pistas, de instalar salvafoxos e de retirar vexetación e sedimentos das beiravías. A colaboración intermunicipal está recollida nun documento suscrito polos dous concellos. Un acordo que permitiu incrementar a achega da Xunta nun 15%. A iniciativa conxunta desenvolverase repartindo os horarios a partes iguais en Moeche e San Sadurniño. Ademais tamén se usará maquinaria compartida, posto que San Sadurniño preparou a súa escavadora para portar un cazo especial de limpeza propiedade de Moeche.

PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2017

A Deputación da Coruña inicia neste 2017 un novo xeito de facer as cousas e de colaborar cos concellos buscando unha maior descentralización e autonomía municipal. Deste xeito os distintos programas provinciais -POS, PAS e PAI- agrúpanse agora no denominado Plan Único de Concellos POS+ 2017.

A Moeche correspondéronlle case 371.000 euros para obras, servizos e actividades. Esta cantidade seguramente se vexa incrementada ao longo do ano coa incorporación de novos remanentes. En calquera caso, está previsto levar a pleno antes do 24 de febreiro os proxectos que se van acometer con cargo ao POS+.

Axudas e subvencións doutras administracións

AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DE VENTÁS

– Orde do 27/01/2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións relativas ao Plan Renove de fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

Obxecto: axudas para o cambio de fiestras. _ **Persoas beneficiarias:** persoas particulares.

Convoca: Consellería de Economía, Emprego e Industria. _ **Prazo de solicitude:** desde o 01/03/2017 ata o remate dos fondos. A solicitude faise directamente nas empresas instaladoras adheridas ao Plan.

Máis información no DOG núm. 21, do 31/01/2017 (<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>)

AXUDAS DO PLAN LEADER 2016-2020 PARA INVESTIMENTOS QUE PROMOVAN O EMPREGO E A MELLORA DOS SERVIZOS NO MEDIO RURAL

– Resolución do 30/12/2016 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos de desenvolvemento local da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, para as anualidades 2017 e 2018.

Obxecto: axudas para investimentos que promovan o emprego e a mellora dos servizos no medio rural.

Persoas beneficiarias: empresas e entidades. _ **Convoca:** AGADER e o GDR Seitura 22.

Prazo de solicitude: dende o 31/01/2017 ata o remate dos fondos.

Máis información nos DOG núm. 20, do 30/12/2016, e 12 do 18/01/2017 (<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>). Tamén se pode obter información e asesoramento nas oficinas da asociación Seitura 22 en Ferrol, As Pontes e Ortigueira.

Actividades das entidades do concello



ENTROIDO 2017 DA A.V.V. VAL DE MOECHE

A asociación Val de Moeche estrea as celebracións do entroido no concello cun xantar con viandas propias destas datas seguido da actuación musical do Dúo Suso. Será o sábado 25 a partir do mediodía e con prezos populares: 8€ persoas socias e 12 as non socias. Para apuntarse cómpre chamar antes ao 696 944 914. Tomade nota:

Lugar: Local social do Pereiro _ **Data:** sábado 25 de febreiro _ **Hora:** a partir das 14.00h.

Inscripcións: 696 944 914

ENTROIDO 2017 DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LABACENGOS

Outra entidade que tamén celebra o entroido é a asociación veciñal de Labacengos. Será o sábado 4 de marzo empezando cun xantar a base de sopa, lacón, touciño, costela, chourizo, verdura, garavanzos e patacas. Un cocido en toda regra que se acompañará de doces do entroido, café e chupiño.

Ademais tamén terán un concurso de doces e haberá premios para o disfraz de maiores máis orixinal e para a mellor máscara infantil.

O prezo para persoas socias é de 11€ e de 14 para non socias. Os nenos e nenas ata 12 anos non terán que pagar. Para apuntarse hai que chamar ao 606 729 038 antes do 2 de marzo.

Lugar: O Ventoeiro, Labacengos _ **Data:** sábado 4 de marzo _ **Hora:** a partir das 14.00h.

Inscripcións: 606 729 038

CAMPIONATO DE ANDADURA DA ASOCIACIÓN ECUESTRE 23 DE ABRIL

Menos dun mes antes do San Xurxo, a Asociación Ecuestre 23 de abril de Moeche inicia o seu campionato de andadura cunha carreira que se disputará no recinto da feira. Non fai falla inscrición anticipada, senón que para apuntarse abonda con estar no lugar antes das 16.00h. As probas comezarán inmediatamente despois.

Lugar: Recinto feiral de San Ramón _ **Data:** sábado 25 de marzo _ **Hora:** a partir das 16.00h.